

ANUNCIO**Expediente de tratamento residual de vehículos abandonados en vía pública VA-4158-AH (2025/I011/000005)**

Con data 27 de abril de 2025 ditase a Resolución da Alcaldía número 354/2025, na que se adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.-

Requirir ao titular do vehículo D. Miguel Angel Lorenzo Fernández para que no prazo de 1 mes, contados a partir do día seguinte da notificación desta resolución, procedan á retirada do vehículo da nave habilitada para o depósito municipal no Concello de Rianxo, previo pago das taxas establecidas pola Ordenanza fiscal núm. 10, do servizo de gindastre e retirada de vehículos da vía pública, depósito e inmovilización (Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, núm.: 296 de 28 de decembro de 2001), ou do lugar onde se atopan inmovilizados na vía pública (en estado de abandono) por un período superior a un mes no mesmo lugar.

Transcorrido o devandito prazo sen efectuala retirada do vehículo, ordenarase o traslado do mesmo a un Centro Autorizado de Tratamento de Vehículos para a súa posterior destrución e descontaminación, ou a adxudicarllo ós servizos de vixilancia e control do tráfico.

Segundo.-

Igualmente fáiselle saber que se non fora do seu interese a retirada de dito vehículo só quedará exento de responsabilidade administrativa se o cede a un xestor de residuos autorizado ou o entrega neste Concello.

No caso de optar pola cesión deberá trasladarse, dentro do prazo indicado, ás dependencias desta policía local para formalizar os trámites correspondentes (art. 17 da lei 22/2011).

Terceiro.-

De non retirar o vehículo nin cedelo, podería ser sancionado cunha multa de ata corenta e cinco mil euros (45.000 €), como responsable dunha infracción grave, tipificada no art. 46 da Lei 22/2011, de 28 de xullo, de Residuos.

Cuarto.-

Proceder á notificación da presente resolución á persoa titular do referido vehículo, de conformidade ca Lei de Réxime Xurídico e Procedemento Administrativo Común.

Rianxo, martes 1 de abril de 2025.

o Alcalde, Julian Bustelo Abuin